



Ferrol, 22 de abril de 2016

Benqueridos amigos:

Cáritas dispónse a vivir o **Día de Caritas na festividade do Corpus Christi** coa mirada posta na práctica da xustiza ante o sufrimento de tantas persoas. Así nolo indica o lema deste ano **“Practica a xustiza. Deixa a túa pegada”**.

Practicar a xustiza é amar ao noso prójimo, aos nosos semellantes. É tratar con dignidade a todo ser humano, porque é da mesma familia, a humana, fillo e filla do mesmo Pai-Nai Deus. **Practicar a xustiza** é non quedarse indiferente ante o sufrimento e necesidade cando lle son arrebatados os seus dereitos, e non poden vivir dignamente pola inxustiza doutros.

En Cáritas traballamos pola xustiza. A xustiza é a primeira esixencia da caridade. Está é unha afirmación amplamente repetida na Doutrina Social da Igrexa.

Si somos capaces de lograr un equilibrio entre a nosa forma de vivir, de pensar e de actuar, lograremos mellorar a nosa contorna facendo posible **que a nosa pegada de xustiza e de amor transforme a realidade das persoas que viven en situación de pobreza e exclusión**. Si así o facemos deixaremos unha **pegada sostenible para todos**, a poderán dicir de nós como dixeron de Xesús **«pasou facendo o ben»** (Hch 10, 34-38)



Para esta campaña contas con varios materiais didácticos na web www.caritas.es/ghacemos.campanas; acompañando a esta carta os carteis, os dípticos, o guión litúrxicos, etc.

Informámosche que ademáis estamos organizando tres conferencias en Viveiro, As Pontes e Ferrol na semana previa a Corpus, sobre distintos aspectos da economía solidaria.

Finalmente, facilitámosvos o número de conta no que poderedes ingresar os donativos e colectas de Corpus: **ABANCA ES53-2080-0200-4830-0039-2123**.

Como sempre, un cordial e fraterno saúdo,

Alfonso Gil Montalbo
Delegado episcopal